



***MANIFESTO elaborado polos traballadores e traballadoras dos Servizos Forestais de Ourense na lembranza de Iñigo Zubiaga Pagadigorria Ourense, 4 de outubro de 2011***

Para nós hoxe é un día moi triste, por enésima vez están ardendo os montes, os ecosistemas do país, un día moi triste porque falta un de nós, unha perda inxustificable e insustituible, unha vida máis deixada na defensa do noso patrimonio ¡e xa van tantas!

Igual que de Iñigo, lembrámonos hoxe de Julio, Rodrigo, Maroto, Nacho, José Luis, Miguel Ángel...e dos máis de 120 homes e mulleres que no Estado español teñen deixado a súa vida na loita contra os incendios forestais, 120 persoas só nos últimos 20 anos.

Tendo en consideración o cariño ao monte que lle tiña Iñigo, o traballo que realizou na conservación dos ecosistemas forestais, sabedores da súa sensibilidade e de que era participe das mesmas inxedanzas que os que hoxe aquí nos concentramos, SOLICITAMOS das Administracións Públicas e do conxunto da sociedade o seguinte:

\_ Diante das mentiras, do engano, da manipulación máisiva interesada, esiximos das organizacións sindicais, xuntas de persoal, comités de empresa, comités de seguridade e saúde e das organizacións sociais en xeral a solidariedade e un fronte común na defensa dos Servizos Forestais Públicos de Galicia e do conxunto dos traballadores e traballadoras forestais.

\_ Esiximos o cumprimento estricto da Lei de Prevención de Riscos Laborais. Posta en marcha de forma inmediata do imprescindible Plano de Prevención de Riscos Laborais nos Servizos Forestais da Xunta de Galicia e en tódalas empresas do sector.

\_ Formación axeitada de tódolos traballadores e traballadoras que se adican a labores de prevención e extinción de incendios forestais.

\_ Substitución inmediata dos medios e materiais obsoletos por equipamentos axeitados para mellorar a nosa eficacia, a protección dos ecosistemas forestais e a protección colectiva da cidadanía.

\_ Información puntual dos lumes que se producen en Galicia, dos seus efectos, superficies afectadas e dos medios usados para a súa extinción. A sociedade actual debe de ser informada do que acontece nos montes, dos atentados contra o noso patrimonio natural, fuxindo de sensacionalismos e alarmismos **“agochar a realidade non axuda a solucionar o problema”**.

A falla de información, o silencio premeditado e o engano son un insulto para os traballadores e traballadoras forestais de Galicia, observamos como a estratexia política de desinformación, mentiras e manipulación estadística fai que o conxunto da sociedade non valore o traballo que realizamos a cotío.

\_ Posta en marcha de campañas de educación-sensibilización dirixidas ao conxunto da sociedade, **“non se valora o que non se coñece”** parte da sociedade vive de costas ao monte non valorando na súa xusta medida os beneficios que o patrimonio natural aporta ao país.

\_ Incremento dos investimentos no sector forestal recuperando o imprescindible binomio “prevención-extinción”, débese rachar co círculo vicioso de “**máis incendios, máis medios, máis incendios...**” posta en marcha dunha política forestal tendente a evitar que os incendios forestais non se produzan para non ter que apagalos.

\_ Rematar coa **impunidade** con que actúan os **incendiarios**. A cada un dos lumes forestais (delicto recollido no Código Penal) débese lle por nome e apelidos. Investigación das causas dos incendios aproveitando tódolos recursos con que contan as Administracións Públicas mediante a elaboración dun protocolo axeitado.

Esiximos, no caso do lume de Serra de Meda onde perdeu a vida o noso compañeiro, se cabe, un maior esforzo para por en man da xustiza o homicida ou homicidas responsables principais da morte de Iñigo.

Todos e todas sabemos que o dito anteriormente non se pode acadar se non hai vontade política dos actuais gobernates. Esiximos a actual Xunta de Galicia, igual que fixemos cos anteriores Governos galegos, que diante de máis de 40 anos de fracasos na loita contra os lumes forestais, correspóndelle o actual Goberno atopar canles de diálogo e participación para consensuar co resto de partidos políticos e representantes sociais unha política forestal e de prevención-extinción de incendios forestais axeitada.

O lume forestal ten que deixar de ser unha ferramenta arroxadiza duns contra outros. Medio século de fracasos dos distintos Governos e do conxunto da sociedade galega non se pode xustificar por máis tempo.

Un desexo hoxe por todos e todas compartido, ogallá non teñamos que voltar a ter que concentrarnos por feitos como o acontecido no lume de Arcucelos-Vences (Val de Monterrei) na tarde do pasado domingo (2-10-2011).

Nós, os traballadores e traballadoras forestais, seguiremos facendo o traballo de coidado dos montes da mellor maneira posible, contribuíndo a conservar os ecosistemas do noso país, mais, ímosvos a facer unha última solicitude/esixencia **REMATAR COA EIVA INCENDIARIA É POSIBLE, PARA CONQUERILLO É IMPRESCINDIBLE A COLABORACIÓN DO CONXUNTO DA SOCIEDADE**, pedimos unha vez máis a vosa colaboración.

Para rematar a concentración de hoxe unhas verbas na lingua de Iñigo:

*“Eskerrik asko Iñigo, gure mendien aldeko lanengatik. Gogoan zaitugu betirako”*

*“Moitas grazas Iñigo, polo teu traballo na defensa dos nosos montes. A túa lembranza permanecerá entre nós”*

Moitas grazas a todos e a todas

Ourense, 4 de outubro de 2011